CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvimento de estratexias de procura, selección e tratamiento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora, expresa e presenta conceoptos básicos de cartografía e localización xeográfica en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvimento de estratexias de procura, selección e tratamiento de información.	TI	40
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e otros tipos de formato mediante o desenvolvimento de estratexias de procura, selección e tratamiento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora, expresa e presenta contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvimento de estratexias de procura, selección e tratamiento de información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos			
<ul style="list-style-type: none"> - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX). - Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construcción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. 			

UD	Título da UD	Duración
7	O relevo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Incorpora e utiliza adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	PE	40
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Representa adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvimento de estratexias de procura, selección e tratamiento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora, expresa e presenta contidos sobre o relevo en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvimento de estratexias de procura, selección e tratamiento de información.		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Interpreta a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	TI	60
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e otros tipos de formato mediante o desenvolvimento de estratexias de procura, selección e tratamiento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora, expresa e presenta contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvimento de estratexias de procura, selección e tratamiento de información.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles	Identifica, valora e mostra interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX). - Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construcción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Conciencia ambiental. Respeito, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
8	Rexións bioclimáticas	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Incorpora e utiliza adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	PE	30
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Representa adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvimento de estratexias de procura, selección e tratamiento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora, expresa e presenta información sobre as rexións bioclimáticas en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvimento de estratexias de procura, selección e tratamiento de información.	TI	70
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Interpreta a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvimento de estratexias de procura, selección e tratamiento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora, expresa e presenta contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvimento de estratexias de procura, selección e tratamiento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles	Identifica, valora e mostra interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Argumenta a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demás e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Relaciona os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demás e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX). - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamiento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construcción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
9	Problemas medioambientais	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Mostra interese polos principais problemas medioambientais da sociedade.	TI	100
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Utiliza adecuadamente termos e conceptos básicos relacionados coa xeografía a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elabora produtos que reflecten a comprensión dos principais fenómenos e problemas abordados.		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos a que se confrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Identifica os principais problemas e retos a resolver arredor dalgúns dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.		
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e do recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Contribúa a un mundo máis seguro, solidario e sustentable a través da análise dos principais problemas medioambientais do presente e coñece algúns dos compromisos internacionais do noso país en favor da sustentabilidade e os ODS.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamiento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora, expresa e presenta contidos en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato a partir de información relativa a un problema medioambiental.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles	Identifica e mostra interese polo menos por un dos principais problemas medioambientais actuais que afectan á sociedade.		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Respecta as opinións dos e das demais e elabora xuízos propios sobre algún dos retos medioambientais actuais.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Argumenta a necesidade de accións de protección e conservación do medioambiente que reflectan compromisos en favor da sustentabilidade.		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Identificar estilos de vida saudables e sustentables na contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).
- Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.
- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.
- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamiento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.
- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.
- Obxectivos de desenvolvemento sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.
- Métodos básicos de investigación para a construcción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

4.1. Concreciones metodolóxicas

Á hora de optar por unha ou outra metodoloxía didáctica das varias que se poden aplicar na ensinanza-aprendizaxe da Xeografía e da Historia, optamos por aquela que combina a construcción do coñecemento do alumnado sobre unha base dobre: a exposición oral significativa por parte do profesorado na aula, dirixindo e organizando o traballo e a selección dos aspectos a traballar, e o traballo con fontes documentais por parte do alumnado. É dicir, trátase dun modelo integrador en que se combina a aprendizaxe por recepción e por descubrimento.

Asumimos os principios da aprendizaxe significativa, e por iso procuraremos partir dos coñecementos previos dos alumnos e ter en conta os seus esquemas mentais para que as actividades de ensino-aprendizaxe que propoñamos sexan adecuadas á súa estrutura mental. Tentaremos prestar unha especial atención a que o alumno lle atope sentido ao traballo que está a facer proporcionándolle sempre estímulos positivos, utilizando distintas estratexias de aprendizaxe que favorezan un ensino activo, non tanto no sentido de actividade manipulativa, senón especialmente de actividade mental.

A información ou exposición, sempre que sexa significativa, facilita ao alumnado a captación e compresión das redes conceptuais básicas propias da Xeografía e da Historia. A significatividade vén dada por varios elementos que van desde a organización da información (de modo lóxico e de doada captación e comprensión por parte do alumnado) ata a propia significatividade potencial do material seleccionado (que permita establecer nexos entre a nova información e a que cada alumno xa posúe) facilitando así a reconstrucción persoal dos acontecementos históricos.

Procuraremos evitar situacions reiteradas de aprendizaxe memorístico-receptivo, buscando sempre que o alumno poida ir construíndo progresivamente os seus coñecementos a base de actividades que o poñan en disposición de acceder a novos coñecementos por descubrimento guiado ou autónomo e que, nun momento final, permita a memorización comprensiva.

En definitiva, a metodoloxía proposta non responde a un modelo puro, senón máis ben ecléctico, en que ten unha carga importante a aprendizaxe significativa de reconstrución do acontecer histórico por parte do alumnado, pero no que non se elimina nin a explicación escrita nin oral por parte do profesor, especialmente na introdución das

unidades temáticas, na orientación permanente do traballo do alumnado e na elaboración de conclusións. Para poder levar a cabo o anteriormente exposto, será preciso unha actualización metodolóxica que favoreza a innovación na aula e o desenvolvemento de metodoloxías activas e participativas, para o que será preciso:

- Favorecer a transformación da información en coñecemento, a través da selección e interpretación de contidos procedentes de diversas fontes, propiciando a elaboración de explicacións históricas rigorosas e coerentes.
- Producir e interpretar informacións sobre aspectos cuantitativos e espaciais.
- Promover a participación do alumnado en debates sobre temas seleccionados en función da súa potencialidade crítica para a comprensión de problemas socialmente relevantes, utilizando as normas do intercambio comunicativo.
- Elaboración de traballos de investigación no contorno sobre algún momento destacado da historia antiga, establecendo conexións cos marcos galego, español e europeo.
- Utilizar técnicas básicas de indagación e explicación histórica, para entender a provisionalidade de todo coñecemento, e ensinar a pensar historicamente.
- Utilizar actividades de carácter interdisciplinario a través do traballo en grupo e da colaboración na resolución de problemas.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) como instrumentos que reforzan a comunicación interpersoal e o traballo cooperativo, así como a relación con contornas físicas e sociais más amplias, ademais de practicar o manexo crítico e selectivo da información que proporcionan.
- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as TIC, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse ao longo das unidades.
- Evitaranse os comportamentos, actitudes e contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón de xénero, orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Durante o presente curso utilizaranse como base en cada curso os seguintes materiais curriculares:

Libro de texto: 1º de ESO: Xeografía e Historia 1º ESO. Editorial Obradoiro Santillana (2022).

Tamén se facilitará ao alumnado para o estudo da materia as fotocopias ou materiais da docente que se consideren necesarias nos diferentes niveis académicos.

Ademais dos materiais curriculares citados, o Departamento dispón doutros recursos utilizados habitualmente na aula ou noutros espacios axeitados. A modo de inventario podemos citar:

- Atlas xeográficos e históricos: Practicamente tódolos alumnos dispoñen dun atlas xeográfico e é intención do seminario poder dotar a todas aulas de alomenos dun exemplar de atlas histórico e xeográfico, aínda que polo de agora, dadas as dispoñibilidades presupostarias, é tarefa imposible.
- Diccionarios xeográficos, históricos e términos artísticos.
- Obras literarias: Especialmente unha selección de novelas históricas utilizadas como elemento motivador e potenciador da lectura.
- Bibliografía: Aínda moi escasa pero que se centra en obras asequibles ós alumnos e algunas, moi poucas, específicas para o Profesorado.
- Mapas murais xeográficos e históricos.

- Mapas topográficos: Folla de Neda a escala 1:25.000.
- Vídeos didácticos.
- Obras cinematográficas relacionadas cos contidos das unidades.

Ademais dos recursos citados, contamos cunha Biblioteca no Centro que vai medrando pouco a pouco e permite ós alumnos consultar no propio local ou levar en préstamo bibliografía axeitada ás súas necesidades. Cando non se dispón dos fondos necesarios, a biblioteca municipal é relativamen-te ampla e está moi ben organizada; préstase sempre a colaborar co Centro adquirindo incluso aque-las obras que poida recomendar o Claustro do Centro. Contamos tamén no Centro con dúas aulas de informática, con ordenadores na biblioteca e nalguhas aulas que poden ser utilizados para obter in-formación e para traballar exercicios interactivos co alumnado.

Empregaranse habitualmente recursos informáticos, tanto na aula (proxector e ordenador da aula, ordenadores do Proxecto Abalar, ordenadores da aula de informática) como desde a casa (princi-palmente a Aula Virtual como ferramenta principal para organizar o traballo telemático).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do curso, o profesorado de cada grupo realizará unha avaliación inicial para coñecer o nivel de partida de cada alumno. Para iso realizarase unha proba diagnóstica nas primeiras sesións que permita comprobar o grao de adquisición dos coñecementos e competencias do curso ou cursos anteriores. Esta proba terá únicamente carácter orientativo, e non será tida en conta para o cálculo da cualificación das avaliacións parciais ou ordinaria.

Para a realización da avaliación inicial tamén se terá en conta o desempeño do alumnado durante as primeiras clases do curso, así como os informes que poidan constar deles da etapa de primaria ou curso anterior.

No caso de detectarse carencias relevantes que poidan lastrar a aprendizaxe dalgún alumno durante o presente curso, o profesor valorará a opción de aplicar as medidas de reforzo que estime oportunas, para o que poderá contar co asesoramento do Departamento didáctico e do Departamento de Orientación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	12	12	12	12	10	10	10	10	100
Proba escrita	60	40	50	26	22	60	40	30	0	37
Táboa de indicadores	40	60	50	74	78	40	60	70	100	63

Criterios de cualificación:

A cualificación do alumnado obterase mediante unha síntese das notas obtidas das probas escritas, das actividades realizadas na aula e do seu traballo e participación diaria. Estas parten da observación e análise de todos os instrumentos de avaliación, entendéndose como superada a materia sempre que se alcance un cinco.

A cualificación calcularase do seguinte xeito:

- 70% da nota: probas escritas das unidades didácticas. Haberá polo menos dúas probas por avaliación. Estas constarán de entre 4 e 7 preguntas. Para obter a cualificación farase unha media aritmética de todas as probas realizadas na avaliación.

- 20% da nota: A elaboración de mapas na libreta.

- 10% da nota: traballos e proxectos avaliables realizados na aula. Combinaranse traballos individuais con traballos ou proxectos grupais. Os traballos e proxectos entregados fóra de prazo non serán avaliados e tidos en conta na cualificación.

En caso de terse que adoptar unha modalidade de ensino non presencial que imposibilite a realización de probas escritas na aula, estas serán substituídas por probas telemáticas (escritas, orais ou a través de plataformas informáticas) e/ou por traballos de síntese ou investigación.

No caso de que algún/a alumno/a non puidera asistir ao instituto na data de realización dun exame ou calquera outra actividade de avaliación por atoparse enfermo/a (semre que aporte a correspondente xustificación documental) adiarase dita proba de avaliación ata a súa reincorporación; de non ser posible ou de ser considerado polo/a profesor/a como máis recomendable en función da situación concreta, poderá ser substituída por outra ferramenta de avaliación que se poida desenvolver de xeito telemático (proba escrita, traballo, proba oral a través de medios telemáticos, etc.).

Se algún alumno ou alumna é descuberta copiando, a cualificación da proba será un 0. Se o feito se produce nunha proba de recuperación, esta considerarase igualmente non superada cunha cualificación de 0.

A cualificación da avaliación final obterase da media aritmética das tres avaliacións.

Criterios de recuperación:

O alumnado terá a posibilidade de recuperar as partes da materia non superadas en cada avaliación, con probas de recuperación que terán a mesma estrutura cos exames realizados ao longo das unidades. Considerarase recuperada a avaliación se nesta proba se obtén un 5 ou máis.

No caso de non ter superada algunha ou varias das avaliacións ao remate do curso, o alumnado deberá realizar unha proba escrita no mes de xuño sobre as partes da materia non superadas, co obxectivo de que poida recuperarlas. Esta proba podería substituírse total ou parcialmente por actividades de recuperación. Considerarase superada a materia na avaliación final se na cualificación desta proba escrita e/ou das actividades de recuperación se obtén como mínimo un 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, culturais, lingüísticas e de saúde do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de calidade, equidade e igualdade de oportunidades, normalización, integración e inclusión escolar, igualdade entre mulleres e homes, non-discriminación, flexibilidade, accesibilidade e deseño universal, e cooperación da comunidade educativa.

A avaliación inicial constituirá o primeiro paso para coñecer a situación de partida do alumnado co obxectivo de identificar os casos dos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo que requiran unha atención personalizada. Ditos casos serán contrastados co Departamento de Orientación e a súa problemática posta en común co conxunto do equipo docente.

Durante o presente curso temos que ter en conta, entre outros casos con dificultades de aprendizaxe, os seguintes:
- Alumnado con dislexia ou Trastorno Específico da Linguaxe.

- Alumnado con TDAH.
- Alumno repetidor, así como varios alumnos/as moi desmotivados/as cara á materia
- Alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe e comprensión.

Actuacións na aula co alumnado con TDAH:

- Mellorar o seu autoconcepto e autoestima a través da conexión con este alumnado, centrándonos nos seus intereses, xerando actividades onde aprender facendo.
- Poñer en marcha estratexias para entrenar as funcións executivas: memoria, inhibición da información irrelevante que lle interfire e atención.
- Mellorar a comprensión:
 - o Uso de materiais multisensoriais.
 - o Fragmentación de tarefas.
 - o Identificar palabras con información relevante.
 - o Ler con eles o que deben facer para asegurarnos de que entenden o exercicio.
 - o Exames secuenciados.
 - o Ampliar o tempo de exame ou rebaixar contido.
 - o Dosisficar deberes.
 - o Realizar más tarefas orais.
 - o Non copiar enunciados.
 - o Presentar tarefas onde teña que relacionar ideas.
 - o Presentar tarefas onde teña que cumplimentar espazos.
 - o Plantear diferentes niveis de dificultade para tarefas planteadas a toda a clase.
 - o Ter presente que o traballo de aula deberá ser moi estruturado e predecible.
- Uso da axenda para planificar e organizar o seu traballo.

Actuacións na aula co alumnado con TEL, dislexia, disortografía ou dificultades na lectoescritura:

- Mellorar o seu autoconcepto.
- Poñer en marcha estratexias metodolóxicas que permitan que progrese na súa aprendizaxe:
 - o Uso do ordenador.
 - o Non copiar enunciados.
 - o Coordinación entre profesorado para reducir a cantidad de exercicios da mesma temática.
 - o Evitar a corrección sistemática de todas as faltas de ortografía na súa escritura, así como os erros fonolóxicos.
 - o Non expoñer ao alumno publicamente a escribir no encerado.
 - o Reducir os contidos lingüísticos apoíandónos en imaxes.
 - o Favorecer o uso de exames tipo test e orais por riba dos escritos.
- Reforzar elementos básicos relativos á escritura.

Actuacións na aula con alumnado TEA (no suposto de que se incopore alumnado con este trastorno, ou sexa diagnosticado con posterioridade á realización desta PD):

- Establecer unha relación positiva co alumno.
- Estruturar o contorno, coa axuda de rutinas, horarios, axenda individualizada e organización física dos materiais.
- Individualización da intervención educativa, axustada á singularidade das súas alteracións.
- Asegurar a comprensión:
 - o Situar ao alumno lonxe de fontes de ruído, colgadouros e armarios, papeleiras, etc. Que dan lugar a que se poida distraer con facilidade.
 - o Seleccionar só o material necesario para a tarefa de cada momento.
 - o Sentar o alumno nas primeiras filas, facilitando a súa atención cara aos estímulos máis relevantes.
 - o Establecer, cando proceda, tarefas de traballo independente, para promover aprendizaxes específicas.
 - o Nos momentos en que a distribución das mesas é en grupo, sentar o alumno ou a alumna ao carón de nenos e nenas especialmente colaboradores ou cos que comparte intereses iguais ou semellantes.
 - o Axustar o nivel da linguaxe á comprensión lingüística amosada polo alumnado. Acompanhar a linguaxe oral con apoios visuais.
 - o Dar instrucións e consignas claras, directas e simples para a realización das tarefas, empregando diferentes canles de entrada (visual, auditiva, táctil) para presentalas.
- Aprendizaxe sen erro: organización das tarefas de xeito que sexan resoltas con éxito polo alumnado (tarefas

adaptadas ao seu nivel, división das tarefas, selección das mesmas en función dos seus intereses e proporcionar a axuda necesaria en cada momento).

- Proporcionar aprendizaxes funcionais e facilitar a súa xeneralización.
- Adaptación das actividades que se propoñen ás características do alumno: introdución de actividades alternativas, redución do nivel de complexidade e que teñan un principio e un fin claros, flexibilización do tempo para realizarlas e división das tarefas.
- Controlar o volumen do ton de voz e a expresión facial, dirixíndose ao alumno de forma individual.
- Establecer tarefas cunha alta estruturación.
- Empregar reforzadores e recoñecer pequenos logros adquiridos, para manter motivado ao alumno.

Actuacións na materia co alumnado de incorporación tardía (de ser o caso):

No caso de que algún alumno/a se incorpore de forma tardía ao sistema educativo, ao que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, adoptaranse as medidas necesarias que faciliten a súa integración escolar e, de proceder, a recuperación do seu desfasamento, para que poida continuar con aproveitamento os seus estudos.

Actuación na aula co alumnado sen a lingua vehicular da materia adquirida (no suposto de que se incopore novo alumnado que presente esta circunstancia):

- Reforzar o autoconcepto e autoestima do alumno, establecendo unha relación cercana con el.
- Dedicar en todas as sesións uns minutos para individualizar a explicación e facer seguemento do traballo do alumno.
- Entregar, sempre que se poida, o material que se emprega nas sesións traducido. As probas escritas estarán sempre traducidas.
- Se é necesario, simplificar e seleccionar os contidos adaptándoos ao seu nivel e aprendizaxes previas.
- Priorizar o traballo cooperativo para favorecer o benestar do alumno, a inclusión no grupo-clase e a aprendizaxe entre pares.

Ademais das medidas específicas antes sinaladas, outras medidas de atención á diversidade concretarase a través de:

- Materiais de apoio educativo (reforzo, repaso) nas distintas unidades didácticas.
- Atención ás diferencias individuais en canto a motivacións, intereses, capacidades e estilos de aprendizaxe, contemplada na variación de estratexias metodolóxicas e tipos de actividades empregadas na aula.
- Diminución ou aceleración do ritmo da presentación dos contidos, cando sexa preciso.
- Para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe, actividades específicas de reforzo e ampliación destinados a melloraren as posibilidades de alcanzar os obxectivos educacionais nesta etapa.
- De ser necesario, realización de adaptacións curriculares significativas (ACS).
- Seguimento da evolución do alumnado coa materia de Xeografía e Historia pendente no que se inclúe apoio para resolver as dificultades que se poidan presentar.
- Atención específica aos alumnos/as que repitan curso co obxectivo de evitar un novo fracaso escolar, o absentismo, ou o abandono do sistema educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero e rexeitamento de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.				X	X			
ET.8 - Formación estética.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Concienciación e formación sobre o cambio climático.						X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.						X	X	X
ET.11 - Respeito mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Valores que sustenten a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respeito polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respeito polo Estado de dereito.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita.	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e competencia dixital.	X
ET.3 - Emprendemento social e empresarial.	X

UD 9	
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.5 - Educación emocional e en valores.	X
ET.6 - Igualdade de xénero e rexeitamento de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X
ET.7 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	
ET.8 - Formación estética.	X
ET.9 - Concienciación e formación sobre o cambio climático.	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X
ET.11 - Respeito mutuo e a cooperación entre iguais.	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X
ET.13 - Valores que sustenten a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respeito polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respeito polo Estado de dereito.	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao Castro de Viladonga e o seu Museo Arqueolóxico.	Saída para coñecer o castro de Viladonga e o seu Museo arqueolóxico, situados no concello de Castro de Rei (Lugo). O castro data dos séculos II-V da nosa era e foi declarado Ben de Interese Cultural no ano 2009. Con esta visita pretendemos que o alumnado comprenda a evolución dos castros e do ámbito rural na etapa galaico-romana.			X

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao Castro de Borneiro e Dolme de Dombate.	Saída para coñecer o castro de Borneiro e o Dolme de Dombate, situados ambos no concello de Cabana de Bergantiños. Con esta visita pretendemos que o alumnado comprenda a evolución dos castros e do ámbito rural na etapa galaico-romana.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro

Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Demostra coñecemento da materia

Avalía e xulga enfunción dos criterios da programación

Ofrece oportunidades de recuperación

É ordenado nas explicacións

Explica con claridade

Resolve dúbidas

Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros

Sabe dirixir as clases

Cumpriu co horario de clase

Valoración xeral da materia

Os obxectivos didácticos están ben formulados

A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada

Os criterios de avaliación e cualificación foron claros

A temporalización foi adecuada

Realizouse a avaliación inicial

Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación

Os criterios de cualificación foron axustados

Metodoloxía empregada

Motiva ao alumnado

É innovador/a

Revisa a realización das tarefas propostas

Os contidos e activiades relacionáronse cos intereses do alumnado

As actividades foron variadas e motivadoras

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos

Planifica leccións, ensina e avalía

Medidas de atención á diversidade

Crea ambiente de aprendizaxe

Emprega variedade de recursos

Valora o esforzo

Descripción:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispone dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte más real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerse nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumpliendo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados